



| MODELO SILVÍCOLA | QS1 |
|--|---|
| ESPECIE: | Sobreirais (<i>Quercus suber</i> L.) como especie principal, presenza posible doutras especies, en particular rebolo e carballo. |
| OBXECTIVO: | Multiproducción de sobreirais en monte alto: cortiza, pastoreo extensivo, aproveitamentos cinexéticos e micolóxicos, madeira. |
| DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Aqueles con presenza de sobreirais, en particular XVI, XVII e XVIII (Pontevedra), XI, XII e XIII (Ourense) e VIII (Lugo). | |

| REXENERACIÓN | |
|---------------------------------|---|
| Marco e densidade de plantación | Variables segundo a idade, evolucionando desde 2.000-2.500 pés/ha para monte bravo, pasando por 450-500 pés/ha no momento do primeiro descortizado, con densidades de 125-150 pés/ha para formacións maduras con diámetros medios >45 cm. Manter área basimétrica de 25 m ² /ha. En plantacións para produción de cortiza, densidade de 300-400 pes/ha, deixando separación entre liñas mínima de 3,5 metros. |
| Mantementos | Control da vexetación de subpiso que poida supoñer risco de incendio, ben mediante o manexo de gando ou por medios mecánicos. Será conveniente a apertura mecanizada de faixas de roza de 3 m de largo cada 25 m. |

| TRATAMENTOS SILVÍCOLAS | |
|------------------------|--|
| Resalveo de conversión | Sobre tallares (montes baixos) procedentes de rexeneración tras incendio, aplicaranse resalveos de conversión a alto fuste sobre cepas. |
| Podas | Poda baixa subindo en 3 intervencións a altura total podada a 2,5-3 m libre de ramas para facilitar descortizado. Limparase o fuste sen afectar moito a superficie foliar (non máis de 2/3 do fuste). Evitarase a poda de ramas grosas, intervindo a tempo e evitando podar árbores adultas. Non se podarán pés nos 3 anos anteriores e posteriores ao momento de pela. |
| Rareas | Intervencións sucesivas de rareas dende os 25 anos, asegurando a redución de densidades antes indicada e, especialmente, promovendo o crecemento diametral no intervalo de idade de 25 a 40 anos, o que asegurará bos calibres de cortiza. Aproveitamento das leñas ou tratamento de restos conforme á lexislación vixente. |
| Descortizados | Primeiro descortizado de bornizo con circunferencia > 60 cm e altura de descortizado de dúas veces a circunferencia. Descortizados sucesivos (segundeiros e de reprodución) ata alturas de 2,5 veces a circunferencia, sen superar nunca 3 m de altura de pela. Período mínimo de 9 anos entre dous descortizados. Seguiranse as prescricións de descortizado recollidas na lexislación vixente. |





| CORTAS DE REXENERACIÓN E CONSERVACIÓN DE HÁBITATS | |
|--|--|
| Conservación de hábitats | Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma. |
| Idade de corta | Esquema compatible con estruturas tanto regulares como irregulares, polo que non cabe falar de quenda estritamente. Tras o subciclo de produción (sucesivas quendas de descortizado) iranse substituíndo os pés que deixen de producir cortiza de calidade. |
| Métodos de corta | Renovación progresiva do sobreiral sempre mediante cortas parciais, ben de entresaca ou de rareo sucesivo. O obxectivo será a rexeneración por landra. En formacións regulares resulta preferible que o período de rexeneración coincida coa quenda de descortizado. |

